

San Antón saca as pancartas para esixir o arranxo da rúa

Fartos de agardar por unha solución ao mal estado do firme e aos problemas co tráfico rodado, os veciños da rúa San Antón elevaron a intensidade das súas protestas ante o Concello e botáronse á rúa con pancartas para esixir o arranxo urgente desta céntrica vía melidense. O goberno local asegura que xa hai un proxecto redactado para amañala, cun investimento de 130.000 € que se incluírá nos orzamentos de 2015. P11



EMPRESA

Asetem achega ideas para o Plan Director do Camiño de Santiago

MELIDE

A Xunta non reserva cartos para construír en 2015 o novo ambulatorio

COMARCA

Investigan a morte masiva de cans de caza por presunto envelenamento

ENTREVISTA



Ana Marcos,
Clínica
Dental P23

Volven aos bares de Melide as tapas de setas e castañas




Arrinca un dos clásicos do outono na hostalería melidense: a ruta de tapas organizada por Asetem. Poderanse degustar os días 7,8,14 e 15 de novembro. P3

A Semana da Música rende homenaxe a Pastor Barral



Vinte grupos da comarca tocarán no evento, que chega á súa 25ª edición recordando a faceta musical dun dos mestres melidenses máis queridos. P19



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc.

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

The show must go on

Falemos da Operación Púnica, da gota que fixo rebor-
dar o vaso para provocar un
tsunami imparabile de con-
secuencias descoñecidas. Esa
trama corrupta cos seus 52
imputados, políticos de todo
espectro ideolóxico, empre-
sarios practicantes do capi-
talismo de amiguete, o lucra-
tivo negocio das adxudica-
cións públicas e as comisións
ilegais con destino Suíza.
Se é certo que vivimos nun
circo, isto foi “el más difícil
todavía”. Sempre hai un nú-
mero que supera ao anterior,
por moi afeitos que esteamos
aos espectáculos da marca
España.

Tan ensaiadas tiñan as
acrobacias que xa as facían
sen rede. Ata que caeron de
fociños contra a lona. E aínda
así, non aprenderon. Un par
de lágrimas de crocodilo, un
perdón que xa non vale, que
ninguén cre, e non tardaron
dous días en volver a iso de
“hemos hecho todo lo que
podíamos hacer” (coa corrup-
ción) e “nosotros no podemos
meter a la gente en la cárcel”.

Non aprenderon. Tam-
pouco daquela, cando a cida-
danía, inxustamente sinalada
como causante da crise por
ter vivido por encima das súas
posibilidades, expresaba pací-
fica e democraticamente a súa
indignación contra os recortes
e contra un sistema podre no
que sempre saían perdendo os

mesmos. O público do circo
comezaba a impacientarse,
pero os directores de escena só
vían nas rúas a perroflautas
antisistema que montaban “al-
garadas”. Púxose de moda esa
palabra e tamén se comezou
a valorar a repercusión das ma-
nifestacións polo número de
persoas que quedaban na casa
e non polas que se botaban á
rúa. Malabarismo contable.

Eran os tempos nos que se
lle daban palmadas no lombo á
“maioría silenciosa”, cando as
manifestacións se converteron
nun problema de orde pública,
ademais do exercicio dun de-
reito que quixeron “modular”.
Eran os tempos onde só os
votos depositados na urna
tiñan lexitimidade. Eran tem-
pos de soberbia, de non querer
escoitar e de defender un sis-
tema que, vémolos agora clara-

mente, lles conviña.

Custa crer que os malaba-
ristas nonoubesen que todo
o que sobe, baixa. Pasou o
tempo e agora que ven perigar
a poltrona e se lles pide que
fagan política de verdade,
cambian a estratexia da sober-
bia de oídos xordos pola do
medo. Pero xa é tarde, porque
o medo cambiou de bando. A
cidadanía xa non se conforma
co malo coñecido e esixe con-
tundencia, feitos e un compro-
miso real co servizo público.

Non quixeron aprender e
agora xa non hai quen pare o
tsunami. Foron eles quen feri-
ron de morte o sistema e nos
trouxeron a este momento de
impás no que agardamos, ex-
pectantes, o inicio dun tempo
novo. Señores e señoras, per-
manezan sentados nas súas
butacas: the show must go on.

EL ACUSADO HA SIDO ENCONTRADO
CULPABLE DE BLANQUEO DE DINERO,
TRÁFICO DE INFLUENCIAS Y COHECHO.
QUEDA CONDENADO A PEDIR
PERDÓN EN LOS MEDIOS



Tribuna de opinión

Con luz e taquígrafos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Acontece a miúdo que se
realizan accións coa mellor
das intencións posibles e se
causa, sen querer, un agravio.
Tal aconteceu cunha das últi-
mas decisións adoptadas pola
xunta directiva de Asetem,
que acordou cederlle a un
dos seus socios, Sanoguera
Fotografía, o uso do local
da asociación. A publicación
dunha entrevista no Cerne
dese mesmo mes na que o
propietario de dito negocio
anunciaba que atendería aos
seus clientes en Asetem, cau-
sou un gran malestar entre
algúns dos asociados. Inter-
pretaron que se estaba favo-
recendo unha situación de
competencia desleal ao privi-
lexiar a un socio concreto en
detrimento dos demais.

Ante tal situación, dende
a directiva de Asetem quere-
mos aproveitar este espazo
para realizar algunhas aclara-
cións ao respecto e achegar
luz sobre unha decisión que
se adoptou coa máis nobre das
intencións. Non obstante, o

primeiro que queremos e de-
bemos facer é pedir desculpas
aos socios que se sentiron pre-
xudicados. Dito isto, cómpre
salientar que Sanoguera Foto-
grafía non dispón dun despa-
cho propio dentro do local
de Asetem. Simplemente se
lle cedeu puntualmente o uso
da sala de xuntas do mesmo
xeito que en moitas ocasións
anteriores se teñen prestado
as instalacións de Asetem a
outros socios para organizar
charlas, cursos, reunións de
empresa ou actividades pro-
mocionais. Xa que logo, Sano-
guera Fotografía non traballa
no local de Asetem nin fai uso
del de forma continuada.

Dende aquí comprometé-
monos a debater sobre este
punto na próxima reunión da
xunta directiva para evitar que
volvan producirse situacións
de desencontro semellantes.
Coa mesma intención, revisa-
remos as condicións esixibles
para o uso dun local que sem-
pre foi e será de todos os socios
e para beneficio deles.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: César Camoira Vega, Rafael Rodríguez Gaioso
AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
- COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Chega a Melide co frío do outono a V Ruta das setas e das castañas

Parecía que non quería vir este ano, pero o frío chegou finalmente para quedar connosco unha boa tempada. E case que se agradece, porque estábamos esperando por el para meterlle o dente a eses produtos típicos do outono que parece que prestan mellor canto máis chove e máis se hai que arrimar ao lume. Agora que se dan as condicións perfectas, Asetem-Cca pon ao alcance de veciños e visitantes a quinta edición do *Outono de Tapas*, unha ruta polos bares e restaurantes da vila na que se poderán degustar 17 propostas gastronómicas diferentes elaboradas con dous produtos propios desta época: as setas e as castañas.

Catro días de tapeo

O casco urbano de Melide, tanto a zona vella como a nova, será o escenario desta ruta que concentrará a máis variada oferta culinaria nas dúas primeiras fins de semana de novembro. Dous venres (7 e 14) e dous sábados (8 e 15) serán os días nos que os clientes poderán degustar as tapas elaboradas a base de setas e castañas. Serviranse en horario de 20:00 a 23:30 horas os venres e en horario de 13:00 a 15:00 polas mañás e de 20:00 a 23:30 polas tardes os sábados.

1 euro por tapa

A Ruta das setas e das castañas incorpora este ano unha novidade: como xa sucedeu na edición de verán, os clientes deberán aboar un euro por cada tapa que consuman. “É unha cantidade pequena



que lle axuda aos hostaleiros a sufragar gastos e que redunda tamén en beneficio dos clientes, pois garante tapas máis elaboradas e de calidade superior”, asegura o presidente de Asetem-Cca, Manuel Vázquez, quen tamén destaca a elevada participación de establecementos: “levamos xa varias edicións cun número estable de locais, sempre superior a 15, o que indica que esta iniciativa é boa para eles e atractiva para os consumidores”.

Novos premios

O prezo da tapa non é a única novidade, pois tamén de cara a esta ruta de outono houbo algún cambio nos premios para os clientes. Deste xeito, as persoas que cubran todo o pasaporte (é dicir, as que

5ª ruta das setas e das castañas de Melide

Participantes:

- Bodega **Dúas Rúas**
- Casa **Alongos** Tapería
- A Boa Viña**/A Boa Vida
- Xamonería **Garceiras**
- Cervexería **A Fundación**
- Bar **Novo Valente**
- Adega **Mandil**
- Cafetería **Cire**
- Pensión **Xaneiro**
- Dx3** Cervexería
- A Cantina de Éleu**
- Cafetería **Stop**
- Cafetería **Estilo**
- Restaurante **Novo Continente**
- Bar **O d'Peque**
- Cafetería **Breogán**
- Adega **O Lar**
- Pousada **Chiquitín**

venres **7**, sábado **8**.
venres **14**, sábado **15**.
novembro de 2014

Colaboradores: ASETEM, CONCELLO DE MELIDE, XUNTA DE GALICIA, HOTEL BALNEARIO RÍO PAMBRE.

proben as tapas de todos os establecementos) entrarán no sorteo dunha cesta de Nadal elaborada por Casa Juanito con produtos de primeira calidade. Para aqueles clientes que non cubran o pasaporte pero que proben e puntúen algunha das tapas, sortearase unha sesión no circuito termal do Balneario Río Pambre.



O d'Peque
Paté de cogomelos e castañas



Cafetería Breogán
Arroz cariñoso de Fina



Chiquitín
Outono no Chiqui



Cafetería Estilo
Champimón



Adega O Mandil
Chipiróns recheos de cogomelos



Bodeguilla Dúas Rúas
Albóndigas con cogomelos



Novo Continente
Tres texturas de outono



A Boa Viña / A Boa Vida
Raxo con champiñóns e patacas



Bar Novo Valente
Cazola de merluza con cogomelos



A Fundación.
Preñada de outono



Xamonería Garceiras
Praceres de outono



Casa Alongos
Outono melidense



Cafetería Cire. Empanadilla de champiñóns con puré de castañas



O Lar. Empanadilla de setas con crema de castañas



A Cantina de Éleu
Outono na Cantina



Cafetería Stop
Orella con castañas

OUTONO DE TAPAS

5ª Ruta das setas e das castañas

MELIDE



7,8 e 14,15
de novembro



Pensión Xaneiro
ii X !!



A TUA TENDA

R

EN MELIDE

981 50 90 35
RÚA DO CONVENTO, 21



ARRAIGOS
Cafetería Melide

BOCADILLOS · PLATOS COMBINADOS · DESAYUNOS
BILLARES · FUTBOLINES · DARDOS · SALÓN TV

Cantón de San Roque, 9. Código Postal: 15800.
Melide, A Coruña.



Casa SANTOS

Queixos do país

Avenida de Lugo, 8.

santos@melide.net **MELIDE**



Carburo
Bar-Parrillada

Saturno y Dora

Tfno.: 981 50 49 07
Villamor · TOQUES (A Coruña)



20 aniversario

O d'PEQUE

venres 28 novembro

Rúa Principal, 6 - MELIDE
Telf: 696 77 41 63

a partir das 8 da tarde

- ACTUACIÓN DE:
- ACTUACIÓN SORPRESA.
- PINCHOS A FARTAR.
- COSUMICIÓN

-Gratis-

Orquestra Cé Pantasma

Asetem-Cca e Río Pambre poñen un bus gratis entre Melide e o balneario

A Asociación de empresarios Terra de Melide e o Hotel Balneario Río Pambre amplían o convenio de colaboración que asinaron a principios de outubro para ofrecer novas alternativas de ocio na vila. Deste xeito, poñen tamén a disposición dos veciños e veciñas o autobús contratado para a campaña “Unha voltiña por Melide”, que inicialmente só se estaba empregando para traer de visita dende Palas de Rei ás persoas que se hospedaban no balneario.

A partir de agora os veciños e veciñas da vila que queiran pasar unha tarde no complexo termal, poderán utilizar de xeito gratuíto o autobús fretado por Asetem. Esta liña de transporte funcionará tres veces ao mes, coincidindo coas visitas programadas dentro da campaña “Unha voltiña por Melide”. Para o que resta de ano, os días nos que os veciños poderán utilizala para ir ao balneario son os seguintes: en novembro os días 7, 18 e 28 e en decembro os días 9 e 19.

O autobús sairá de diante

da Capela de San Roque ás 3 da tarde. Chegará de volta ao mesmo lugar ás 8 e media. É importante destacar que as persoas interesadas en utilizar este servizo deben anotarse antes en Asetem para reservar praza. Poden facelo acudindo ás oficinas da patronal ou chamando ao 981 50 61 88.

Funcionará tres veces ao mes e as persoas que o usen obterán descontos nas tarifas do complexo termal

Ofertas e descontos

Ademais de dispoñer de transporte gratuíto, as persoas da vila que acudan ao balneario neste autobús poderán beneficiarse tamén de ofertas especiais e de descontos nas tarifas do complexo termal:

.- Por 10 euros terán acceso

ao circuíto termal, que inclúe o uso da piscina, baño de vapor e contraste en poza fría cunha duración máxima de hora e media.

.- Por 15 euros terán acceso ao circuíto termal e a maiores serviráselles unha merenda a base de sándwich e bebida ou café con repostería e zume.

.- Ademais, aplicaráselles un 20% de desconto en técnicas de balneario se reservan previamente chamando ao número 982 37 41 35.

Tanto estas ofertas como as condicións do servizo de autobús quedaron plasmadas no novo convenio de colaboración que asinaron a finais de outubro os xerentes de Asetem e Río Pambre, Pilar López e Ángel García. O documento amplía os servizos pactados no anterior acordo, que permitiu poñer en marcha a campaña “Unha voltiña por Melide” e a través do cal Asetem confía en traer á vila unha media de 800 visitantes cada ano. De momento viñeron algo máis 70 nas dúas visitas que se realizaron o mes pasado.



A xerente de Asetem-Cca, Pilar López López, e o xerente do Hotel Balneario Río Pambre, Ángel García Rey, trala sinatura do convenio para habilitar o servizo de autobús



O último grupo de persoas que visitou Melide, o pasado 28 de outubro, nas escaleiras de Calvo antes de iniciar a ruta pola vila



Mozos/as de Aval Xóvenes visitaron a Casa do Queixo, en Sobrado

AVAL XÓVENES, ESCOLA DE EMPRENDEDORES

O proxecto Aval Xóvenes é un programa experimental para a formación de emprendedores que está desenvolvendo a Consellería de Traballo e Benestar en Melide e Coristanco. O plan, no que participan 50 mozos e mozas repartidos entre as dúas localidades e que conta cun orzamento de 200.000 euros, busca formar aos alumnos para que desenvolvan o seu propio proxecto empresarial aproveitando os recursos da zona. A previsión é que o 70% dos participantes en Aval Xóvenes consigan consolidarse no mercado laboral.

Xornada de emprego no rural para espertar o espírito emprendedor

A Concellería de Promoción Económica de Melide, en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar, está a organizar unha “Xornada de Emprego no Rural” co obxectivo de espertar o espírito emprendedor entre a mocidade da comarca. Celebrarase o vindeiro día 17 de novembro na Casa da Cultura, entre as 9:00 e as 13:30 horas, e contará coa participación de expertos “que afondarán na creación dunha marca persoal e na motivación dos futuros empresarios”.

Quen define a iniciativa é Rocío Agra, coordinadora de Aval Xóvenes, un proxecto de formación de emprendedores que se desenvolve en Melide dende o mes de xaneiro e a través do que se puxo en marcha a xornada de emprego. “Decidimos organizar este

evento para amosarlles aos mozos e mozas do rural que non é preciso marchar á cidade para buscar oportunidades laborais”, comenta.

Programa variado

A xornada de emprego contará con relatores dun perfil moi variado: “emprendedores do entorno, xente con ideas e empresas xa consolidadas que nos indicarán onde están os ocos de mercado e como podemos facer para investir no rural”, explica Rocío Agra. Nunha parte de carácter máis técnico, abordarase a influencia das redes sociais e das estratexias de marketing na venda. Tamén se fará unha exposición das subvencións e liñas de apoio para o aproveitamento de recursos no medio rural.

Na xornada participarán técnicos de emprego de diferentes concellos da comarca, que falarán das súas iniciativas particulares, e tamén representantes de SECOT (unha asociación sen ánimo de lucro dedicada ao asesoramento empresarial) e da Fundación Juana de Vega. Completará o programa unha “mesa de experiencias” na que participarán empresas da zona como Milhulloa (Palas de Rei) ou Vicogalo (Vila de Cruces).

Dende a organización animan a participar nun evento “ao que a todo o mundo lle convén asistir” aínda que os protagonistas, aseguran, van ser “os desempregados e as persoas ás que lles falta dar ese pequeno paso, que teñen unha idea e non saben como desenvolve-la”.

Asetem pide axilidade nos trámites como fórmula para mellorar o Camiño

A patronal axuda a facer unha diagnose da ruta xacobeá e achega ideas para a elaboración do Plan Director

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) considera que unha maior axilidade nos trámites administrativos e unha mellor coordinación entre os entes públicos redundarían positivamente no Camiño de Santiago e o seu entorno.

Así llo trasladou o vicepresidente da patronal melidense, Rodrigo Fernández, aos máximos responsables da elaboración do Plan Director do Camiño que, co obxectivo de avanzar na estratexia de actuación para os próximos anos, reuniron en Compostela a diferentes entidades e asociacións. No transcurso da xornada de traballo, os participantes fixeron unha radiografía da situación actual e acordaron unha serie de puntos nos que se debería mellorar. Tal é o caso da sinalización, do mantemento dos



O vicepresidente de Asetem, Rodrigo Fernández (no centro), coa directora xeral de turismo e o xerente da S.A. Plan Xacobeo

sendeiros ou da posta en valor do patrimonio histórico-artístico. Tamén se falou da necesidade de crear un clúster do Camiño para, dende o punto de vista comercial, profesionalizar a atención ao peregrino e poñer coto ao intrusismo crecente.

Pola súa banda, Asetem fixo tamén fincapé no atranco que supón a lentitude dos trámites administrativos á hora, por exemplo, de realizar unha obra ou unha reforma nun negocio situado ao pé do Camiño. Solicitou maior axilidade e nunha liña semellante instou a

mellorar a coordinación entre Xunta e Concellos.

Na xornada estiveron presentes o xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Rafael Sánchez, e a directora xeral de turismo, Nava Castro, quen confía en que o Plan Director das Rutas do Camiño sirva para que o seu desenvolvemento e crecemento se realice “de forma equilibrada, sustentable e respectuosa co carácter específico dun fenómeno que supera o ámbito nacional”. O Plan, que está na súa fase inicial, ten un prazo de elaboración de 24 semanas.

A Madanela adáptase á normativa contraincendios



A delegada visitou as obras acompañada pola alcaldesa e técnicos

O polígono industrial da Madanela estreará no prazo de 15 días un sistema contraincendios adaptado á normativa vixente. Estará composto por un depósito de almacenamento de auga de 141 metros cúbicos de capacidade e por seis hidrantes que se instalarán en parcelas destinadas a actividades con risco de incendio. En tres delas xa hai empresas funcionando e as outras tres reserváronse para factorías que se instalen no futuro.

Esta actuación permitirá que o polígono se adapte á lexislación vixente en materia de incendios. Ata o momento

só contaba con servizos básicos. A delegada territorial da Xunta na provincia, Belén do Campo, desprazouse ata Melide para supervisar a execución duns traballos cuxo importe total, 119.770 euros, está financiado nun 80% pola administración autonómica.

Do Campo visitou tamén a Rúa Martagona, onde se renovou o sistema de iluminación exterior con 84 lámpadas novas “máis eficientes e menos contaminantes”. O concello estima que esta actuación permitirá reducir a factura eléctrica en preto de 9.000 euros anuais.

TIPOS DE IVE EN CONSTRUCCIÓN

• **Adecuación de locais:** 21%

• **Reparacións, arranxos e melloras:** 21%

Non obstante, aplícase o tipo reducido (10%) en obras de renovación e reparación en caso de que se cumpran os seguintes requisitos:

- Que o destinatario sexa unha persoa física que utilice a vivenda para uso particular, ou ben unha comunidade de propietarios. Se a vivenda está arrendada non se aplicará o tipo reducido.
- Que a construción ou rehabilitación teña finalizado polo menos dous anos antes do comezo das obras de renovación e reparación.
- Que a persoa que realice as obras non achegue materiais por maior importe que o 40% da operación.

• **Obra nova, rehabilitación ou urbanización de terreos:**

a) Se o promotor é unha empresa: sen IVA. A factura deberá incluír a lenda “De conformidade co artigo 84. f) da Lei do IVA o suxeito pasivo do Imposto sobre o Valor Engadido é o destinatario da mesma”.

b) Se o promotor é un particular:

- Vivenda ou ampliación da mesma: 10%
- Outras obras (por exemplo naves ou urbanizacións de solo non dedicados a vivenda): 21%

AUTOEMPREGO

Se vostede está pensando en crear o seu propio negocio debe saber:

a) Que será necesario establecer a forma xurídica do futuro negocio, podendo optar por opcións sen personalidade xurídica (autónomo, sociedade civil, comunidade de bens ...) ou con personalidade xurídica (Sociedade de Responsabilidade Limitada, Sociedade Limitada Unipersonal, Cooperativa, Sociedade Anónima...).

b) Que existen bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social, podendo beneficiarse os primeiros meses de unha cota de 53,06 euros.

c) Que se pode capitalizar o paro que queda por cobrar para pagar cotizacións da Seguridade Social, para o gasto da inversión inicial ou para ambas opcións, só se debe contar con máis de 3 meses de paro.

d) Que se vostede é menor de 30 anos pode compatibilizar o paro pendente de cobrar co traballo por conta propia.

e) Que cada ano a Xunta de Galicia convoca axudas para emprendedores con contías moi beneficiosas.

f) Que se vostede pertence a algún colectivo específico como mulleres, discapacitados, persoa que esgotase o desemprego ... pode obter outras vantaxes adicionais tanto en bonificacións na Seguridade Social como nas axudas ou incluso existir axudas específicas para o seu colectivo.



!!NUEVO!! COSALUD VITAL

“ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA”

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*. Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

**SEGUROS DENTALES
DESDE ¡¡¡ 36 € !!!**
(Limpieza bucal anual incluida, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo

Agente de seguros exclusivo

Nº de Reg. Mediador: COO2636154917K

C/ Ronda de Pontevedra

Nº 113 Bajo - 15800 Melide

Tlf/ Fax: 981506495

Móvil: 678055942

rodrigofernandez@segurosbilbao.com



CHINCHES?

MOSCAS?

CARCOMA?

ROEDORES?

CUCARACHAS?



comercial@plagostel.com | 698 163 399

www.plagostel.com

ERUOM viños

XAN GARCÍA MONTERO, comercial

Móvil: 678 543 240

Polo Industrial do Tambre

Vía Galileo, 9

15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA

www.eruom.com

Tel. 981 519 999

Fax. 981 519 191

comercial@eruom.com

D.O. Ca. Rioja

Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

D.O. Ribera del Duero

Tarsus
Prado Rey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

D.O. Rueda

Naia
Monteblanco

D.O. Ribeiro

Viña Costeira

D.O. Vinos de Madrid

Tagonius

D.O. Somontano

Pirineos

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

Vinos del mundo

Argentina, Australia,
Chile

D.O. Navarra

Castillo de Javier
Palacio de la Vega

D.O. Bierzo

Dominio de Tares

D.O. Toro

Fariña

V.T. Castilla y León

Dominio DosTares
Viñas del Cénit

V.T. Castilla

Mano a Mano & Venta
La Ossa
Pago del Vicario

D.O. Rías Baixas

Nora
Lusco
Veigadares
Terra D'Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

D.O. Valdeorras

Galgueira

D.O. Ribeira Sacra

Pincelo & 1985

Champagne

Perrier Jouët

Aceite ArteOliva

Agua Solán de Cabras



CAFETERÍA - PIZZERÍA

Telf. 981 50 79 06

Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)





*Horario de
invierno*

*De 6:00
a 2:00*

*Sábados:
24 horas*



**Ronda de Pontevedra
(carretera de Agolada)**

Prensa, tabaco, alimentación, droguería, bollería, pan de Antas de Ulla...





INMOBILIARIA **MELIDE** DICIONES

INMOBILIARIA	TOPOGRAFÍA	
Pisos	Catastro	Mediciones
Casas	Parcelaria	Particiones
Terrenos	Informes	Valoraciones
Alquileres garantizados	Concesión de Aguas	
Seguros		

Rda da Coruña, 68 Bajo Izq. - Melide (A Coruña) - Tlf. 981.93.51.08
melidemediciones@galicia.com - www.melidemediciones.com

Bloque Melide

Novembro 2014

“ **Melide non
merece este
gobierno do PP** ”

Melide non terá centro médico no 2015

A Alcaldesa Ánxeles Vázquez volve a mentir ao pobo de Melide. A Xunta de Galiza gobernada polo PP non pon nin un só euro para a construción dun novo centro médico para Melide.

Mentiras tras mentiras de Ánxeles Vázquez, xa en outubro de 2011 a xunta destinara 500.000 euros e a Alcaldesa dicía que era para a redacción do proxecto e a execución dunha primeira fase das obras. O BNG de Melide o 26 de marzo de 2012 pregunta no parlamento cando se ían iniciar as obras e responden que ata que se cederan os terreos non se empezarán, cousa non

ocorre ata o 26 de xuño do 2012, pero non é ata principios deste ano cando aínda non rematan coa cesión dos terreos. O PP non executou os 500.000 euros do 2011, nin os 800.00 euros dos 2013.

O PP debe de deixar de mentir ao pobo de Melide e dicir realmente cando van a empezar as obras do centro médico.

O BNG de Melide presentará unha enmenda aos orzamentos da Xunta de Galiza para o 2015 para que se adopte a partida orzamentaria necesaria para que comece o antes posíbel as obras.

**UN CENTRO
MÉDICO
DIGNO XA PARA
MELIDE**



Edita: BNG Melide
www.bng-galiza.org

“ **O cambio so é
posíbel se ti o
fas posíbel. Hai
alternativa.** ”



Tfno.: 981 809 009

Alexandre Bóveda, 22 - 15800 MELIDE (A Coruña)



LA CORTINA

Esther Bouzo

Tfno.: 981 506 358

Avda. de Lugo, 43
15800 MELIDE (A Coruña)

Veciños de San Antón manifestan o seu enfado pola “rúa das fochancas”

Non hai dúas sen tres. Primeiro decoraron as súas casas con pancartas reivindicativas, logo paseáronas en manifestación pola zona vella e agora anuncian xa novas mobilizacións no curto prazo. Todo para lograr un obxectivo polo que levan meses loitando: o arranxo integral da rúa San Antón, repleta de fochancas e visiblemente deteriorada.

Pouca paciencia queda xa entre os veciños desta céntrica vía melidense. Fartos de agardar por unha resposta do goberno local, dende que en marzo presentaran un escrito solicitando a reparación do firme e a reordenación do tráfico, decidiron facer da propia rúa o escenario das súas reivindicacións. Tal aconteceu o pasado 2 de novembro, día no que, en coincidencia co mercado dos domingos, preto de medio cento de persoas se manifestou esixindo unha solución para a “rúa das fochan-

cas”, como ironicamente xa se comeza a coñecer entre os melidenses a Rúa San Antón.

Parte da responsabilidade desta nova denominación tena Ágora Melidá, unha plataforma cidadá xurdida para canalizar os problemas da vila que fixo da rúa San Antón a súa primeira reivindicación. Coa aprobación dos veciños e como anticipo da manifestación, Ágora Melidá salpicou a rúa con pancartas que, colgadas dos balcóns e ventás, lle deron por primeira vez visibilidade á problemática. Lemas como “apadriña unha fochanca”, “non somos 4 votos” ou “fochancas non, arranxo xa” habíanse repetir máis tarde na concentración do día 2, que contou tamén co apoio e coa presenza dos líderes de BNG e PSOE.

Os nacionalistas, que levaron ao pleno municipal as queixas dos veciños e presentaron unha moción pedindo

o arranxo da vía, acusan ao goberno local de “pasotismo” e critican que permaneza impasible ante as protestas e as sete queixas que ten recibido o Valedor do Pobo en relación co mal estado do firme.

Pola súa banda o Partido Popular, remiso a reunirse cos veciños, puxo data para o arranxo da rúa a través das redes sociais: 2015. Os populares aseguran que o goberno local xa presentou ante a Dirección Xeral de Patrimonio un proxecto que ascende a 130.000 euros “para a reforma e posta en valor da Rúa San Antón”. Dito proxecto inclúe a separación de augas pluviais e fecais, o soterramento de cableado, a pavimentación con adoquíns e cemento, iluminación, xardíns e mobiliario eléctrico. Ao mesmo tempo o PP carga as tintas contra o BNG e acúsao de mentir e de utilizar a veciñanza para obter réditos políticos.



Os veciños avanza con pancartas pola Rúa San Antón



Elaboración das pancartas que se habían colgar nas casas dos veciños

O banco de libros presta 453 volumes a 212 alumnos



Membros da ANPA no local habilitado para xestionar o banco

Completado o inicio do curso escolar e feito balance, o resultado do banco de libros do Instituto non puido ser mellor: segundo datos achegados pola ANPA, que xestionou por segundo ano esta “campana de libros de texto compartidos”, prestáronse 453 volumes a 212 alumnos/as de ESO e bacharelato. Isto significa que máis da metade dos estudantes do centro (o 53%) utilizou este servizo de préstamo. O curso pasado entregáronse 297 volumes a 195 estudantes. A ANPA valora positivamente o resultado da campaña “pese á dificultade engadida pola Consellería de Educación”, que este ano prohibe empregar o cheque de axuda en material escolar e obriga a gastalo en libros de texto. Para a asociación de nais e pais isto supón “derrochar medios en lugar de promover o uso compartido dos recursos que xa hai”.

Equipamento novo

Os orzamentos da Xunta para 2015 reservan unha partida de 150.000 euros que permitirá equipar por completo a residencia da terceira idade. Os cartos destinaranse á compra de mobiliario, pendente dende que fai un ano a Consellería de Benestar realizase un investimento de 190.000 euros para mellorar tanto o interior como o exterior do edificio e poder así ampliar o número de prazas do fogar residencial. Unha vez instalados os mobles, disporá de 38 novas prazas, que se sumarán ás 16 existentes na actualidade. As vivendas comunitarias teñen 24 prazas e o servizo de centro de día ten 39.

Emendas de 7 millóns

O BNG de Melide presentará catro emendas aos orzamentos do estado para 2015 a través da deputada nacionalista no Congreso, Rosana Pérez. De prosperaren, suporían un investimento para a vila de 7 millóns de euros. Para a construción da rotonda na intersección de Santa María solicítalle ao Ministerio de Fomento un investimento de 200.000 euros e para adecuar o interior da Casa da Cultura outros 500.000. Tamén solicitarán 300.000 euros para un plan de mellora da seguridade viaria na N-547 ao seu paso polo centro urbano. Por último solicitarán 6 millóns de euros a maiores dos presupostados para o tramo melidense da A-54.

Obras en rúas e pistas

O Concello de Melide aprobou obras por valor de 190.023 € incluídas no Plan DTC da Deputación da Coruña. Os traballos previstos afectarán a 16 pistas do rural e a 21 rúas do casco urbano. As obras inclúen as seguintes áreas xeográficas: Trasmundi, Xubial, Piñor, o Vilar, Campos, San Martiño das Varelas, Riocovo, Vitoriz, o Barreiro, San Salvador de Andeán, Leboreiro, Praza do Instituto, rúa Palas de Rei e rúa do Lava-doiro. Outro dos proxectos é a reposición de beirarrúas na Codeseira, Cantón de San Roque, rúa Furelos e rúa Irmandiños. Neste caso o investimento é de 30.066 euros.

Convenio con Cáritas

Ánxeles Vázquez, alcaldesa de Melide, e José Manuel Parajua, presidente de Cáritas Melide, veñen de asinar un convenio de colaboración mediante o cal o Concello subvenciona con 3.000 euros o labor de apoio que esta ONG católica lle presta ás persoas máis desfavorecidas do municipio. Dito apoio concrétese na entrega de alimentos, roupa e artigos básicos de primeira necesidade como leite ou cueiros para bebés. A alcaldesa destaca “a gran disposición” de Cáritas e o “gran traballo” que “de maneira altruísta e con moito agarimo” realizan no día a día para mellorar as condicións de vida dos que máis o necesitan.

“Nin reválidas nin selectividade: os fillos dos obreiros, á universidade”

Máis de medio cento de alumnos do IES de Melide botáronse ás rúas da vila o pasado 21 outubro para protestar contra a suba das taxas universitarias e para esixir tanto a retirada da nova lei de educación (LOMCE) como a dimisión do seu mentor, o ministro de educación, Ignacio Wert.

Baixo o son dos chifres, do bombo e portando pancartas nas que se podían ler lemas como “os fillos dos obreiros queremos estudar” ou “somos o futuro, non o pasado franquista”, a comitiva partiu do centro educativo e continuou pola Ronda da Coruña, con parada na rotonda da vila, para encamiñarse cara á Praza do Convento, dende a que solicitaron sen éxito que a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, saíse para atendelos.

Ante as dependencias municipais Alberto Mejuto, alumno de 2º de bacharelato,



O alumnado levou as súas reivindicacións polas rúas da vila

procedeu á lectura do manifesto, no que os estudantes se declararon “orgullosos de estar loitando por unha educación pública, digna e de calidade”. “Agora estanse a rir e fan o que lles peta”, proclamaron, “pero isto témolo que cambiar nós, a xuventude, e quen ri de último, ri mellor”.

O de Melide foi un dos 2.000 institutos de toda España que secundaron a folga de tres días convocada polo Sindicato de Estudiantes para esixir a retirada da coñecida como Lei Wert, aprobada con gran polémica e escaso apoio da comunidade educativa en decembro de 2013.

Piden colaboración veciñal ante a proliferación de ratas



Os roedores, de gran tamaño, déixanse ver a plena luz do día

O Concello de Melide publicou un bando municipal no que insta aos veciños propietarios de casas ou fincas abandonadas a que “vixíen a limpeza das mesmas co fin de evitar a presenza de roedores nas rúas da vila”. O executivo local apela así á colaboración veciñal para acabar cos roedores logo de que ratas de gran tamaño se deixasen ver a plena luz do día na rúa Mateo Segade Bugueiro. Procedentes dunha casa abandonada e sen ser multitude, chegaron incluso á propia casa consistorial e á capela de San Antón. O concello viuse na obriga de requirir os servizos da empresa que mensualmente desratiza os sumidoiros e edificios públicos.

FOTO-DENUNCIA

Ponte a pensar



Nunca resulta agradable o estado de abandono. Nin sequera atopar algúns síntomas que indiquen tal, sexa nun monumento, nunha rúa, nunha paisaxe ou mesmo na propiedade privada e no aspecto dun mesmo.

Mais cando o abandono aparece naquelas esferas que todos compartimos e das que presumimos porque nos senti-

mos orgullosos delas, parece que o abandono doe un pouco máis. E tal sentimento xorde ao cruzar a ponte de Furelos e ver que nas súas marxes están rompidas varias lousas de pedra. Algunhas dende hai tempo, outras ben máis recentes. Fainos pensar isto se realmente valoramos o patrimonio tanto como dicimos. Ponte a pensar ti tamén.

O novo centro de saúde para Melide desaparece dos orzamentos da Xunta

O novo centro médico de Melide, unha das infraestruturas máis demandadas pola veciñanza e a promesa estrela do equipo de goberno para a presente lexislatura, volve estar unha vez máis no centro do debate político. A caixa dos tronos destapouna o avance de orzamentos da Xunta para o ano 2015, nos que non figura nin un só céntimo para o ambulatorio melidense.

A pesar disto o executivo municipal mantén que “en breve” se comezará a redactar o proxecto de construción. Confía plenamente na palabra da Consellería de Sanidade, que se comprometeu, segundo recolle un comunicado emitido polo goberno local, a “axilizar os tempos co fin de contar co proxecto no prazo máis curto posible”. Pola súa parte a alcaldesa, Ánxeles Vázquez, non ve como un atranco o feito de que nos presupostos autonómicos non figure unha partida para o

ambulatorio: “existe dentro da Consellería un equipo técnico que pode redactar igualmente o proxecto”, declarou nunha entrevista concedida a Radio Obradoiro. Sinalou, ademais, que o centro de saúde podería

Sanidade prevé investir 17.000 € con urxencia para frear o deterioro do actual edificio

facerse igual “cun traspaso de fondos” procedentes doutras consellerías.

Estas declaracións provocaron a irritación da oposición, que acusa a Vázquez de mentir e que ve nas súas promesas “un insulto á intelixencia dos veciños e veciñas”. Con esa contundencia se manifestou o voceiro do BNG, Xosé

Igrexas, quen lembra que a alcaldesa anunciou o inicio das obras en outubro de 2011 “e a día de hoxe nin sequera está feito o proxecto”. Dende as filas socialistas recordan tamén que nos tres últimos anos se presupostaron partidas por valor de 1,3 millóns de euros para o ambulatorio e que ningunha delas foi executada: “a alcaldesa ten que deixar de mentir e dicir se está co seu partido ou con Melide”, afirmou o secretario do PSOE local, José Antonio Prado.

Arranxos urxentes

Con respecto ao mal estado das instalacións do centro médico, o equipo de goberno anunciou que se realizarán este inverno “pequenas obras co fin de frear o deterioro que durante moitos anos leva padecendo o edificio”. Investiríanse 17.000 euros con cargo á Consellería de Sanidade para arranxar partes da cuberta e atallar as humidades.

A Garda Civil investiga a morte masiva de cans de caza por envelenamento

AXENCIAS/REDACCIÓN

A Garda Civil está a investigar as causas que provocaron a morte de preto de trinta cans de caza no último mes nos concellos de Melide, Palas de Rei e Azúa. Os primeiros indicios apuntan a que os animais foron envelenados con algún tipo de produto tóxico de acción rápida e contundente.

Confirmao o presidente do coto de caza Río Iso, Juan Formoso, quen asegura que de momento segue sen coñecerse quen pode estar detrás desta matanza indiscriminada de cans que está a causar unha importante alarma social en toda a comarca. O asunto está xa en mans do xulgado de Arzúa e a investigación, na que participan varios axentes do Seprona e tamén persoal da Consellería de Medio Ambiente, continúa aberta.

Segundo explica Juan For-



Alguns cans foron atendidos en clínicas veterinarias de Melide

moso, os supostos envelenamentos comezaron a detectarse na zona de Melide, onde morreron en pouco máis dun mes arredor de vinte cans. Co paso do tempo a problemática foise estendendo e empezaron a producirse tamén algúns casos nos concellos limítrofes:

“nun principio todos os animais afectados pertencían á zona de Melide, pero logo tamén morreron dous no límite con Palas de Rei e outro no linde con Arzúa”, precisou Formoso.

En total, o presidente do coto de caza Río Iso calcula

que morreron xa preto de trinta cans de caza no último mes e medio. Dende o seu punto de vista, non hai dúbidas de que os animais foron envelenados porque, segundo explica, “de repente empezan a botar espuma pola boca e, nalgúns casos, os propietarios non tiveron tempo nin de achegalos a unha clínica porque morreron no acto”.

En canto ás posibles causas do suceso, Formoso recoñece que os cazadores están absolutamente desconcertados e non saben a que pode deberse nin quen pode estar detrás dun comportamento tan cruel. “Non vimos a ningún”, asegura ao tempo que elucubra sobre a posibilidade de que se deba “a algún tipo de vinganza”.

O uso ilegal de veneno para matar fauna salvaxe ou animais domésticos está considerado como delito no Código Penal e pode ser castigado con penas de ata dous anos de cárcere e a inhabilitación para cazar ou exercer unha profesión.

Subvencións da Deputación para entidades sen ánimo de lucro

A Deputación da Coruña abriu o prazo da convocatoria de subvencións ordinarias dirixidas a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia. En concreto, trátase das axudas nas áreas de promoción económica, cultura, deportes e servizos sociais. As solicitudes deberán facerse de forma telemática, ao igual que nos dous últimos anos, a través da web www.dicoruna.es e o prazo de presentación remata o 20 de novembro; medidas ámbalas dúas que se tomaron para axilizar trámites e “permitir ás entidades a súa organización interna de cara a 2015”. As bases das distintas liñas de axudas poden consultarse no BOP do 27 de outubro.

Sobrado exaltará os produtos da comarca cunha feira gastronómica

O próximo domingo 16 de novembro Sobrado acollerá a I Feira Gastronómica da Montaña Coruñesa, un evento organizado polo Concello que persegue, segundo explican dende o departamento de turismo, un dobre obxectivo: por unha banda “darlle publicidade aos moitos e moi bos produtos que hai na comarca” e por outra “dinamizar a economía dos negocios locais”.

A feira celebrarase na praza da vila, onde a partir das 11 da mañá as persoas que se acheguen ata Sobrado poderán atopar tanto produtos representativos da zona como outros propios desta época do outono. Non faltará o queixo de denominación de orixe Arzúa-



Ulloa, as castañas, as filloas ou o pan. Como en toda boa feira gastronómica que se prece, non han faltar tampouco os produtos de primeira cali-

dade saídos das hortas, das leiras e das casas da comarca. Deste xeito, tamén estarán á venda nocces, nabizas, mel ou marmelo artesán.

Mais na I Feira Gastronómica da Montaña Coruñesa non só se poderá mercar, xa que a degustación de produtos é outra das compoñentes importantes. O polbo será un dos protagonistas e haberá varias pulpeiras onde os asistentes poderán xantar e alargar a súa visita ata a tardiña. A coñecida charanga be-tanceira NBA será a encargada de animar

o ambiente dende primeira hora da mañá. Para evitar que as posibles inclemencias do tempo auguen a festa, a organización instalará unha carpa.

A biblioteca xa presta libros en formato dixital



Representacións de teatro escolar para celebrar o Día da biblioteca

A biblioteca pública de Melide acaba de dar o primeiro paso para cambiar cos tempos e adaptarse ás novas formas de lectura: dende o pasado 16 de outubro xa conta cun servizo de préstamo de obras en formato dixital. Realízase a través da plataforma Galicia Le, na que o usuario se ten que rexistrar para poder acceder a un amplo catálogo de libros electrónicos en galego e castelán. O rexistro é gratuito e o préstamo realízase por 21 días. Os libros incluídos nesta plataforma poderán lerse en dispositivos compatibles: tabletas, teléfonos móbiles, ordenadores persoais e lectores de libros electrónicos. A divulgación deste novo servizo foi unha das actividades centrais do Día da Biblioteca. A celebración incluíu tamén unha xornada de teatro escolar con seis representacións a cargo dos colexios e do IES de Melide.

A Xunta propón alternativas para a liña de media tensión en Santiso

A mobilización dos veciños de Santiso contra a construción dunha liña de media tensión entre as aldeas de Penaposta e A Pedreira comeza a dar os seus froitos. Logo de botárense á rúa o pasado mes de setembro e de sacar as pancartas para tratar de frear unha iniciativa que consideran innecesaria e prexudicial, a Xunta de Galicia accedeu a negociar un proxecto alternativo ao que inicialmente formulaba Fenosa.

Deste xeito, a delegada da Xunta na provincia, Belén do Campo, recibiu no seu despacho a unha delegación de veciños encabezada polo alcalde do municipio, Manuel Adán, para “avanzar na busca de alternativas”. No encontro, que se celebrou o 21 de outubro e ao que asistiron tamén representantes dos partidos da oposición, Docampo puxo enriba da mesa un novo proxecto



Reunión da delegada da Xunta co alcalde e cos veciños de Santiso

elaborado pola xefatura territorial de Economía e Industria. A proposta contempla substituír a liña aérea que Fenosa deseñara inicialmente, de 960 metros de lonxitude, por outra instalación soterrada e “sen afeccións”. A nova liña transcorrería por un camiño e evitaría as expropia-

cións de fincas, ás que os veciños se opuxeron radicalmente dende un principio. A instalación completárase, segundo recolle a proposta, coa colocación dun transformador e o reforzo do cableado existente.

Compás de espera

Dita proposta foi recibida de

bo grao polos veciños afectados que, non obstante, evitaron darlle polo momento o visto e prace. “A resposta aínda está no aire”, indica o alcalde. O motivo é que o proxecto elaborado por Fenosa contempla tamén a construción dunha liña de baixa tensión e os veciños descoñecen “por onde vai pasar e se afectará ás súas fincas”.

Por iso non tomarán ningunha decisión nin se pronunciarán ao respecto ata teren enriba da mesa os planos onde figura o trazado de dita liña. Porén, Ovidio Leiva, voceiro do PP e un dos veciños afectados, avanza que “a xente non está de acordo con que se faga ningunha obra e cre que é suficiente con arranxar o tendido que xa hai”. A diferenza da liña de media tensión, a de baixa iría sobre postes, excepto nun tramo aproximado de 100 metros na contorna da igrexa de Santiso, nos que habería que soterrala para dar cumprimento á normativa en materia de patrimonio.

Teatro para a igualdade entre os máis novos

O grupo de teatro Os Ghazafellos traerá o próximo 25 de novembro á Casa da cultura de Melide a obra “O país dos mandóns”. A representación, que será ás 11:30 horas, forma parte dun circuito de actuacións teatrais por 14 municipios da provincia cos que a Deputación da Coruña quere promover a igualdade entre os máis novos. “O país dos mandóns” fai referencia a unha sociedade patriarcal e a como estes sistemas de organización coartan a liberdade das mulleres e das nenas. Con esta representación preténdese contrarrestar a tendencia das publicacións literarias para nenos e nenas, que en moitas ocasións consolidan estereotipos sexistas.

A Embaixada do Peregrino distingue á familia Ezequiel



Mercedes Parrado recibiu a distinción de mans de Moncho Pérez

Ezequiel Parrado e Mercedes Rodríguez, fundadores da Pulpería Ezequiel de Melide, foron distinguidos como Grandes Embaixadores do Camiño de Santiago en agradecemento ao seu longo labor de promoción de Melide e da ruta xacobea por todo o mundo.

O recoñecemento foi entregado polo fundador da Embaixada do Peregrino, Moncho

Pérez, nun acto íntimo e emotivo que tivo lugar o 1 de novembro no restaurante da propia pulpería. A filla dos fundadores e actual xerente do negocio, Mercedes Parrado, recolleu a distinción, un cadro de grandes dimensións no que, baixo a foto de Ezequiel e Mercedes, se pode ler “han deixado su huella en el mundo a través del Camino”.

Fomentan a creación de cooperativas na comarca como fórmula anticrise

A Oficina de Fomento Cooperativo retoma en outono a súa actividade cunha serie de xornadas de difusión en diferentes puntos da comarca nas que se explicarán as vantaxes do cooperativismo como sistema de traballo en tempos de crise.

A primeira das charlas terá lugar en Toques, o día 11 de novembro. Entre as 16:00 e as 18:00 horas disertarase na casa do Concello sobre como transformar unha idea de negocio en cooperativa, cales son os primeiros pasos para creala e que tipo de axudas e apoios existen para poñela en marcha. As persoas interesadas en asistir deben anotarse antes do día 10 chamando ao teléfono 981 787 508.

Asesorar e apoiar

A Oficina de Fomento Cooperativo, que ten a súa sede na casa consistorial de Sobrado, presta tamén servizo aos concellos de Toques, Vilasantar, Boimorto e Curtis. A súa fun-



A Oficina de Fomento Cooperativo ten a súa sede en Sobrado

ción é tripla: en primeiro lugar, sensibilizar á poboación da comarca sobre as vantaxes de traballar en cooperación; en segundo lugar, facer un traballo de divulgación e información e, por último, apoiar aos emprendedores que queiran montar unha cooperativa.

Neste sentido, dende a Oficina de Fomento Cooperativo, impulsada pola Dirección Xe-

ral de Traballo, préstase especial atención á xente nova, aos desempregados e ás mulleres. Todos eles poden contar co apoio dunha técnica especializada que os informará sobre trámites constitutivos e subvencións e que fará tamén un acompañamento dos proxectos. Ademais, dita oficina asesora a cooperativas que xa están en funcionamento.

AHORA EN MELIDE

MULTIÓPTICAS

Tábor

Nº1 en servicios ópticos



Abrimos los sábados mañana y tarde

Multiópticas Tábor
Ronda da Coruña, 20 Bajo
15800 Melide- A Coruña
Tlfn.: 981 50 51 99

Multiópticas y
Microaudio



ASOCIACIÓN DE HOSTALERÍA “MELIDE MÓVESE”

O pasado xoves 30 de outubro a asociación “Melide móvese” reuniuse por segunda vez dende a súa creación cos hostaleiros da vila. Dende a directiva quixemos dar a coñecer os proxectos que temos en mente e insistir na idea que xustifica a existencia desta nova asociación: non somos un grupo pechado, estamos aquí para traballar do mellor xeito posible, contando sempre co apoio de todos/as vós para mellorar o noso medio de vida: a hostalería.

A Asociación Melide Móvese nace para alcanzar unha serie de obxectivos:

- 1.- Promover a hostalería de Melide.
- 2.- Promocionar a imaxe do sector e dos asociados.
- 3.- Propiciar o crecemento económico
- 4.- Impulsar as fins de semana, porque Melide ten de todo.

Na reunión cos hostaleiros tratáronse unha serie de puntos aos que lle dedicaremos o noso esforzo nos próximos meses e que son:

1.- Recuperar as liñas de Noitebús entre Melide e os concellos limítrofes para que a mocidade poida gozar da marcha da nosa vila, que é sana e sen incidentes. A maioría dos asistentes estiveron de acordo coa idea e xa nos puxemos a traballar para recuperar esta liña de transporte.

2.- Estamos a crear un proxecto de páxina web e unha aplicación de móbil que ofrecerá información detallada sobre o sector hostaleiro de Melide.

3.- Organizaremos festivais nocturnos e diurnos coa intención de recadar para volver a investir.

Co ánimo de poñer en marcha estes proxectos, xa comezamos a facer socios. Seguiremos visitando os locais de hostalería porque necesitamos de todo o voso apoio, xa que nesta vida todo custa traballo e cartos. Somos os primeiros en saber que debemos coidar a hostalería, porque en Melide temos de todo e hai que conservalo e potencialo.



III CAMPIONATO DE TUTE CAFÉ-BAR CANTÓN

VENRES DÍA 5 DE DECEMBRO


HORA DE COMEZO: 22:00 H.

PREZO: 20 € PERSOA

PINCHOS PARA OS PARTICIPANTES

1º PREMIO

2º PREMIO



3º PREMIO



- 1º- 2 CESTAS DE TRES PISOS**
- 2º- 2 CESTAS DE DOUS PISOS**
- 3º- 2 CESTAS DE NADAL**
- 4º- 2 CESTAS DE NADAL**
- 5º- 2 CESTAS DE NADAL**
- 6º- 2 XAMÓNS**
- 7º- 2 FOLLAS DE BACALLAU**
- 8º- 2 QUEIXOS**



4º



5º



6º



7º



8º

Tlf: 981 50 55 69 / 636 99 13 97



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Jamones e ibéricos



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03



FACTORY ROOM

A TÚA DISCOTECA EN MELIDE
C/ Melide di Lugano



2º ANIVERSARIO!!

Pode ser unha noite terrorífica e magnífica ao mesmo tempo?
Pois si!! Sabédelo ben os que nos acompañastes o día de Halloween para celebrar o noso segundo aniversario: zombis e espíritos macabros, malignos en aparencia pero no fondo encantadores, que pululastes pola discoteca enchendo de alegría todos os seus recunchos. Grazas a tod@s por facer de Factory Room a mellor discoteca da noite melidense!!

Pastor Barral, unha vida de entrega á pedagogía e aos instrumentos

A Semana da Música homenaxea ao ilustre mestre melidao

A súa habilidade cos instrumentos de corda causou a admiración do propio Andrés Segovia, un dos grandes da guitarra. Recomendoulle encarecidamente facer carreira no mundo da música pero Pastor Barral tiña demasiado apego a Melide e outra gran paixón: a pedagogía. Pola súa condición de mestre será sempre recordado (hoxe dá nome a un dos colexios da vila), pero na vida de Pastor Barral houbo outra faceta á que se dedicou con igual intensidade e discreción; a música.

Agora a Coral Polifónica quere recuperala e dala a coñecer como homenaxe “a un melidense excelente, sempre desinteresado, ensinante por natureza e amante da súa profesión”. A el estará dedicada a edición máis especial da Semana da Música, a número 25, que se celebrará os días 14, 15, 16 e 21, 22, 23 de novembro na Casa da Cultura.

O verme da música

Pastor Barral naceu co verme da música e con esas condicións extraordinarias e innatas que teñen os grandes xenios. Cando contaba pouco máis de sete anos xa tocaba as botellas coma se dun instrumento se tratara, enchéndooas con distintas cantidades de auga. Non había tardar moito en entrar a formar parte da Banda de Melide, onde comezou tocando o clarinete. Pero co que verdadeiramente gozou, foi cos instrumentos de corda: a bandurra, a mandolina, a laúde e sobre todo a guitarra.

Tocouna sendo estudante de maxisterio en Compostela, onde formou parte da Tuna Universitaria a pesar de que só se admitía como compoñente a quen estudara unha carreira superior. A súa non o era, pero tal destreza amosaba Pastor Barral coa guitarra, que lle puxeron a escarapela



O Conxunto Folclórico Melidán, dirixido por Pastor Barral. Anos 30



Pastor Barral foi un gran dinamizador da vida cultural melidense

de Filosofía e Letras para poder integralo no grupo. Como membro da formación participou en Barcelona no Congreso Internacional de Tunas e gañou o primeiro premio como solista interpretando “La leyenda del beso”. Foi daquela cando espertou o interese do gran mestre Segovia.

Porén, foi noutra agrupación onde Pastor Barral desenvolveu como director grande parte do seu labor musical: a Rondalla Kechova, presente durante décadas en tantos e tantos recitais, veladas e concertos co seu característico paraugas aberto á entrada das actuacións. Un dos momentos máis estelares do grupo chegou co concurso convocado por Radio Nacional de España en Santiago para inaugurar a súa delegación en Compostela. A cita foi no Teatro Principal e a Rondalla Kechova tivo tanto éxito que ademais de gañar as 125.000 pesetas do primeiro

premio tivo que rematar tocando no quiosco da Alameda por aclamación do público, que agardou aos músicos melidenses á saída do teatro.

25 anos de música

Son só algúns episodios dunha vida de música e pedagogía chea de anécdotas. Estas e outras moitas serán lembradas nunha edición especial da Semana da Música, que este ano se celebrará na Casa da Cultura en coincidencia co seu 25º aniversario. Con tal motivo, ao longo dos seis días que dure o evento, tamén haberá tempo para lembrar os comezos dunha das citas musicais máis senlleiras da provincia. E non so iso. Tamén, apunta a presidenta da Coral Polifónica, Ánxela López, para homenaxear “a ousadía dunha xente que naquel momento cría importante facer algo cultural nunha comarca na que a música estivo sempre moi presente”.

UN MESTRE ALTRUÍSTA NAMORADO DA MÚSICA

Pastor Barral naceu en outubro de 1907 na Praza das Coles. Con tan só 24 anos conseguiu facer realidade unha das súas maiores ilusións: aprobar as oposicións e dar clase na Escola Pública de Melide, da que sería mestre titular durante 37 anos.

A súa gran capacidade para ensinar e a súa cercanía fixeron del un home moi querido na vila, coa que sempre se comprometeu de maneira desinteresada. Así foi que cando Melide aínda non contaba



Pastor Barral Camoiras

con instituto, dedicou parte do seu tempo a formar a centos de melidenses para afrontar os primeiros cursos do bacharelato. Esas extraordinarias dotes pedagóxicas trasladounas tamén á súa outra paixón; a música. Deu clases gratuítas a todo aquel que o solicitaba e á fronte da Rondalla Kechova, da que foi director, desenvolveu unha labor musical moi meritória dende 1931, participando en cantos recitais e concertos había e converténdoa nun dinamizador da vida cultural da comarca.

Como bo melidense, tamén foi un excelente gaiteiro e tivo tempo para dedicalo á educación musical dos Garceiras e facerlle algúns arranxos de pezas musicais, entre elas a coñecida Muñeira dos Garceiras. Di a anécdota que cando llea oíu tocar o día de San Roque ao seu paso pola Rúa de Ovedo, saíu á porta da súa casa e dixo: “xa lle podedes poñer o voso nome, que me gusta máis agora ca antes”. Excelente guitarrista tamén, fixo arranxos de grandes obras musicais de Mozart, Granados, Beethoven, Albéniz, Wagner...

O amor polo seu pobo fixo que nunca quixera marchar de Melide, de xeito que antes de deixarnos, en maio de 1974, dedicou toda a vida a transmitir de xeito altruísta os seus moitos coñecementos universais e musicais.

Centro Recreativo Melidense

25 de Diciembre de 1935 - A las 9 de la noche

Festival Artístico

Con motivo del vigésimo

PROGRAMA

1.ª La rondalla que dirige el celebrado maestro Barral interpretará las siguientes composiciones:

LA REINA MORA, Pasodoble.	Fuente
LA REINA MORA, Pasodoble.	Mozart.
LA REINA MORA, Pasodoble.	Andrés
LA REINA MORA, Pasodoble.	A. J. J. J.

2.ª La comedia gallega en dos actos, original de López Blanes:

MARIA ROSA

REPARTO:

MARIA ROSA: María Rosa.	LEONARDO: Leonardo.
LEONARDO: Leonardo.	ARACELI: Araceli.
ARACELI: Araceli.	JOSE: José.
JOSE: José.	JOSE: José.

3.ª La rondalla ejecutará:

La Reina Mora, Pasodoble.	Barral
La Reina Mora, Pasodoble.	Castellano
La Reina Mora, Pasodoble.	L. J. J. J.

Y como fin de fiesta cantará la bellísima señora Lita Purita Aguilar acompañada por la rondalla:

Fuente a Gaita, Melodía Italiana.	Reina
Fuente a Gaita, Melodía Italiana.	Castellano

PRECIOS

Solo y familia 150 - As socias 950

A Rondalla Kechova sempre actuaba nos eventos máis relevantes da comarca. Na foto, cartel do Festival Artístico que se celebrou no Centro Recreativo Melidense no Nadal de 1935.

O fútbol feito na comarca

CIRE MELIDE

Iván e Popas (adestradores)



1. Que tal foi a campaña pasada?

Popas: a nivel deportivo foi moi boa, porque conseguimos o obxectivo que nos marcamos, que era manter o equipo en segunda rexional. É certo que empezamos un pouco mal e que os resultados non acompañaban porque nos estabamos adaptando á nova categoría, que sempre é difícil. Pero non perdemos en ningún momento a esperanza e a segunda volta foi moi boa. Fixemos 56 puntos, con 17 vitorias; uns números moi bos que nos permitiron quedar en

sexto lugar. Para un equipo ascendido era moi complicado e valoro positivamente o que se conseguiu.

2- Como se presenta a nova tempada? Houbo moitos cambios no equipo?

Popas: mantense bastante a base do ano pasado. Houbo tres incorporacións novas: Iván Sandá, Xurxo e Fran Monterroso. Por outra banda, tivemos numerosas baixas, pero consideramos que unha plantilla de 22 futbolistas podía ser boa. Este ano non estará con nós Álvaro, que fichou polo Deportivo da Coruña como adestrador. Por unha parte estamos tristes, pero por outra alegrámonos porque sabemos que vai ser unha experiencia que disfrutará moitísimo.

Iván: nós temos que apoiar que a xente aspire a máis e facilitarlle o camiño. Se pode saír e pode mellorar, por suposto que debe facelo. Ímolo botar de menos pero é unha grande oportunidade e non lle puxemos ningunha traba.

3- Que agardades da presente tempada?

Iván: como mínimo repetir o da anterior, aspirando sempre a máis. A campaña foi moi boa. Todos firmaríamos un sexto posto antes de empezar a liga. Perder un só partido na casa en toda a campaña, fala de como nos foi.

Bruno Martínez, convocado para o mundial de Xapón



Bruno Martínez, deportista da Escuela Ayude, foi convocado pola Federación Española de Loita Olímpica para competir no campionato do mundo que se celebrará entre o 18 e o 24 de novembro na cidade xaponesa de Narita. Martínez, que atravesa un dos mellores momentos da súa carreira deportiva, competirá na modalidade de loita sambo, na que se proclamou campión de España recentemente por segundo ano consecutivo. A dirección de Escuela Ayude cualifica de “verdadeiro honor” que un alumno saído da súa canteira alcance “unha meta tan importante”.

Os éxitos non deixan de acompañar ao centro melidense, que no último campionato galego de Kick Boxing, celebrado a finais de outubro no pavillón Paco Paz de Ourense, volveu para a casa con 21 medallas: 5 de ouro, 6 de prata e 11 de bronce.

Toques aposta polo tenis cun torneo de dobres mixto

Será os días 22 e 23 no pavillón de Souto



Finalistas do torneo de dobres mixto celebrado en 2013

Pouco a pouco o Concello de Toques estase a converter nun referente para a práctica do tenis. Este mes de novembro dá un pasiño máis ao organizar por segundo ano consecutivo un torneo de dobres mixto. Celebrarase os días 22 e 23 de novembro no pavillón polideportivo municipal de Souto. A inscrición é gratuíta e pode realizarse ata o 14 de novembro chamando ao seguinte número de teléfono: 626 445 816. O torneo constará de dúas fases; unha primeira de grupos na que competirán todos contra todos e unha segunda fase eliminatoria na que participarán os mellor clasificados. As parellas deben estar formadas por un home e unha muller maiores de 16 anos. Por outra banda, Toques está a organizar unha liga masculina de tenis. Dará comezo en xaneiro.

CONCERTOS MUSICAIS

Banda de música da Agolada



SÁBADO, 8 de NOVIEMBRE

As 20.30 h

Auditorio da Casa da cultura

MAGOSTO

Domingo, 9 de novembro
ás 18.00 h

cantón de San Roque de Melide



DEGOSTACIÓN gratuíta
de castañas do país e
chocolate, amenizada co
duo musical *Marañiño*

FESTA HALLOWEEN NOS PUBS DE MELIDE



A MELHOR MOVIDA
DE GALICIA ESTÁ
EN MELIDE!!!



Un día de furia

Rafael R. Gaioso, enxeñeiro informático

Seguro que moitos de nós acabaríamos como Michael Douglas en «Un día de furia» ao saber que non podemos utilizar o noso móbil. E se, en lugar dun día, fose unha semana enteira? Pois niso consistiu o experimento levado a cabo polo blog «Mallando no Android» [1]; sete días sen poder facer uso do «smartphone» para conectarse ás redes sociais, á mensaxería instantánea ou quitar fotos. Só se poderían facer chamadas de voz, enviar SMS's e consultar o correo electrónico.

Antes de dar comezo ao experimento, os participantes puideron avisar aos seus achegados para que non saltara ningunha alarma pola súa ausencia durante os próximos días. O primeiro día supuxo un choque, sobre todo naqueles momentos de espera, onde case sempre aproveitamos para consultar o móbil e poder levar mellor eses tempos mortos. Como noutros casos, houbo que ir cara atrás no tempo, e aproveitar para ler un libro, un xornal, etc. Un dos participantes non entendía o motivo dun teléfono de gran tamaño se só podía enviar mensaxes de texto SMS. Certo, para iso chegaría cun teléfono de hai 10 anos.

Case tódolos participantes concordan en que a rede social que máis botaron de menos foi Twitter. Tanto Facebook coma Google+, ou Instagram, parece que lles son prescindibles. Como alter-



Imaxe: Mallando no Android

nativa á mensaxería instantánea ofrecida por WhatsApp, tiveron que utilizar as chamadas de voz e os SMS, o que provocou aumentos nas súas facturas ao non contar con plans de facturación para este tipo de consumos. Por outra banda, obtiveron resultados positivos na duración da batería, chegando a estar máis de catro días sen ter que cargar o móbil.

O non ter que estar pendente del, pareceu aumentar a súa capacidade de concentración nas tarefas do traballo, e sobre todo prestaron máis atención ás persoas coas que compartían un café ou unha comida familiar.

E como foi a volta? Pois a meirande parte dedicouse a recuperar, en primeiro lugar, a súa actividade nas redes so-

ciais, e despois a atender tódalas mensaxes que estaban sen contestar. Algún dispositivo pareceu entrar en «panic mode» ao ter tantas notificacións atrasadas.

A conclusión do experimento leva a pensar que é recomendable baixar a intensidade de uso dos nosos trebellos para poder gozar de cousas que pasan ao noso arredor «analóxico». De ningún xeito interesa apagalos de todo e perder todas as vantaxes que nos ofrecen na nosa vida diaria. E ti? serías capaz de desconectar durante unha semana?

(Outra experiencia semellante, realizada por dous voluntarios durante 14 días é «Desconecta2»).

[1] is.gd/vxKbCC

[2] <http://desconectados.net>

A figura de Manuel García Blanco

César C. Vega, filólogo

Manuel García Blanco naceu no seo dunha familia labrega en decembro de 1882 en San Pedro de Pambre (Palas de Rei). Logo de recibí-los estudos primarios na escola do Fraialde (Fermil), realizou exitosamente os estudos secundarios no Instituto General y Técnico de Lugo grazas á intercesión da viúva dos Moreiras. Posteriormente doutorouse en Filosofía y Letras na Universidad Central de Madrid.

Establecido na Residencia de Estudiantes de El Pinar (Madrid), a finais da década de 1910, compatibilizou a preparación das oposicións coa asistencia ás diversas actividades do Centro de Estudios Históricos. No Instituto de Lugo impartiu diversas materias e, unha vez superada a oposición en Madrid, foi designado profesor auxiliar numerario de idiomas no referido centro. Faleceu en Lugo en 1974.

Recibiu achegas do institucionalismo krausista español e da formación xineriana [refírese a Giner de los Ríos]. Consecuentemente ofrecíalle ó alumnado unha aprendizaxe lingüística de tipo integral e interdisciplinar. Estes datos, xunto ó carácter introvertido, explican a ausencia na nómina nacionalista e a defensa de postulados idealistas. Porén, consolidou os alicerces lingüístico-culturais que despois rexerían o nacionalismo.

Entre 1902 e 1915, colaborou cos pseudónimos TRPSÉ-

FOBO e MANUEL DA TORRE nos periódicos El Norte de Galicia e El Progreso. Foi autor do Estudio geográfico y toponímico de la provincia de Lugo (sen datar) e o opúsculo Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega por M. G. B. (1912), un dos primeiros estudos sobre o asoballamento do galego.

Neste último, a desaparición da lingua autóctona nas urbes, os prexuízos do pobo e a predilección das mulleres polo castelán bosquexan a decadencia, de modo que hai debilitamento da solidariedade comunitaria galega e mais corrupción e deturpación lingüística. Critica así mesmo o emprego do castelán pola Real Academia Galega e polas correntes rexionalista e agrarista. Para evita-lo abatemento e o derrotismo do pobo galego sinala unha serie de medidas, entre elas a proposta dun "Instituto de Estudios Galaicos", a necesidade dun medio xornalístico autóctono, escrito só en galego, e a creación dunha "Biblioteca Gallega" e un "Museo Gallego". A continuación, reproduce un treito:

"Trabajemos por elevar el nivel cultural del pueblo, y lo que ahora se toma por signo de rudeza y atraso se cambiará en signo de adelanto y de cultura: no es otro camino por donde las lenguas regionales llegan a ser lenguas nacionales y los idiomas alcanzan preponderancia internacional".



ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



ANA MARCOS CARDO, CLÍNICA DENTAL ANA MARCOS

“Aplicamos as técnicas máis avanzadas no campo dos implantes e da ortodoncia”

O seu coa medicina e as ciencias da saúde é pura vocación. Non hai máis ca escoitala durante un breve espazo de tempo para percibir as ganas e a ansia de perfección coas que afronta o exercicio diario da súa profesión; a odontoloxía, unha especialidade para a que, segundo conta, “hai que ser un

pouco artista, un pouco escultor, un pouco enxeñeiro e mesmo albanel”. Así é que na súa clínica dental da Ronda da Coruña, Ana Marcos dá solución a todos os problemas de saúde bucodental, con especial maña e dedicación aos implantes e á ortodoncia, rama esta última na que é especialista.

-Dámoslle suficiente importancia á nosa dentadura? Coidámola como é debido?

-Ana Marcos (A.M.): Cada vez é maior a preocupación da xente coa súa saúde dental, pero aínda existe unha porcentaxe elevada que non se revisa o que debería; espera a que haxa dor e logo acode á consulta do dentista. Non é recomendable agardar tanto. Ás veces xa é demasiado tarde e logo os problemas son máis difíciles de tratar. Hai que anticiparse e revisar a dentadura polo menos unha vez ao ano. A pesar da insistencia dos dentistas, a xente aínda non está concienciada. Non sei se é por medo, por causa da crise ou simplemente por deixamento...

-A crise tamén lle afecta á saúde bucodental?

-A.M.: Por suposto que si. Agora están aparecendo un montón de franquicias que fan grandes promesas por moi poucos cartos e que xogan coa desesperación da xente. Ao final os clientes que acoden a elas acaban recibindo un tratamento de baixa calidade que remata encarecéndose e que nada ten que ver co que pode prestar o profesional de confianza de toda a vida. Coa boca non debe haber ofertas; estamos a falar de saúde, non dunha tenda para mercar roupa, e a saúde dunha persoa non se pode poñer en rebaxa.

-Que servizos ofrece na súa clínica?

-A.M.: Ofrecemos todo tipo de servizos: dende odontoloxía xeral, a preventiva, para nenos... Intento actualizarme en todo momento no que á ortodoncia se refire, entre outros cun master pola universidade de Oviedo que me



Ana Marcos (odontóloga) e Mª Carmen Pereira (auxiliar)

abriu as portas ás técnicas máis avanzadas. Tamén mercamos unha nova máquina de radiografías que nos permite obter imaxes panorámicas da boca e facer estudos máis exactos na fase previa á ortodoncia e aos implantes, para os que contamos coa colaboración dun experto cirurxián.

-Hai moita diferenza entre a ortodoncia para nenos e para adultos?

-A.M.: A ortodoncia é unha disciplina destinada non só a corrixir a mala posición dos dentes, senón tamén das estruturas óseas e faciais en crecemento. Nese sentido, cos nenos temos moita máis marxe para manobrar. Por iso é moi importante traelos dende idades moi temperás, porque podemos ver calquera pequena alteración que haxa

no desenvolvemento dos dentes o ou da estrutura ósea e reconducila coa tecnoloxía que temos ao noso alcance para que o crecemento sexa harmonioso. En canto teñen a primeira dentición de leite, é recomendable levar os nenos ao dentista para revisar que todo vaia correctamente. No caso dos adultos é diferente, pero cun correcto diagnóstico e cun estudo individualizado da persoa, pódese facer ortodoncia perfectamente. Non hai unha idade límite para iso.

-Como odontóloga, é certo iso que din de que doe moito poñer implantes?

-A.M.: Hai que pensar que a técnica dos implantes integrados no óso é un dos maiores avances da odontoloxía e permite reproducir de forma case ideal a arquitectura orixinal da



Ana Marcos na súa consulta da Ronda da Coruña



Novo aparello de radiografías panorámicas

boca. En contra do que a xente pensa, cunha correcta anestesia non ten por que ser unha intervención dolorosa, e seguindo as indicacións do odontólogo, tampouco o postoperatorio causa grandes molestias. O da dor é un falso mito. A xente tamén pregunta moito polo rexeitamento: non é frecuente cando se traballa con especialistas e materiais axeitados. Dentro dos implantes hai moitas calidades diferentes e moitas casas comerciais. Se te pos nas mans dun bo profesional que emprega implantes con garantía, non vai haber ningún problema ao respecto.

-Por que se lle ten tanto medo ao dentista?

-A.M.: Penso que iso é un problema de educación. Cando a xente marcha da

“Os nenos deben facer revisións frecuentes para previr problemas no crecemento da dentición”

“A técnica do implante non é dolorosa se a fai un profesional bo que traballe con garantías”

consulta, case o 100% dirache que non pasou dor. Nin eu nin o resto de dentistas facemos berrar aos pacientes. Que pasa? Que dende pequeniños nos van inculcando ese medo. Creo que é algo que se vai herdando e que ese pánico infundado se transmite xeración tras xeración.

-Que tal é vostede como paciente?

-A.M.: Penso que son boa, pero ao saber o que me están facendo, sempre estou máis en alerta. O único que hai que facer como paciente é relaxarse e confiar no profesional que te está tratando.

Clínica Ana Marcos

Rda. Coruña, 31 - 1º B

Tlf: 981 50 57 05



**SÁBADO 8
DE NOVIEMBRO**

Festa Imagen **GIN MASTER'S**



A QUE VAI TOCAR!



Todos los fines de semana *Pub Q+?* se mueve!!!

Sábado 8 de noviembre:

Fiesta Imagen Licor 43

con fotos personalizadas y regalos



Somos los locales de moda en Melide!